



CIRCULAR INFORMATIVA 4/2024

1. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT 2024: 05.04.2024

Informámosvos de que o **venres 5 de abril** de 2024 celebraremos a festividade de San Raimundo de Peñafort, que terá a seguinte **programación provisional** de actos:

- 18.00 h Misa (lugar por determinar), que se aplicará en lembranza dos/as compañeiros/as finados/as.
- 19.00 h Actos solemnes no Salón Nobre do Pazo de Fonseca:
- ❖ Entrega da Medalla de Ouro do ICA Santiago
 - ❖ Entrega do XIV Premio de Dereitos Humanos
 - ❖ Entrega de insignia de ouro e diplomas aos colexiados e colexiadas que cumpren 40 anos de exercicio profesional
 - ❖ Entrega de diplomas aos letrados e letradas que cumpren 25 anos de exercicio profesional
 - ❖ Xura ou promesa de novos letrados e letradas
- 20.30 h Viño de honra no claustro do Pazo de Fonseca
- 22.00 h Cea-baile no hotel Oca Puerta del Camino

Nunha próxima circular informaremos do programa definitivo.

2. CARTA DO DECANO E DA XUNTA DE GOBERNO

Achegámosvos (PDF) a carta do Decano e da Xunta de Goberno do ICA Santiago dirixida aos colexiados e colexiadas.

3. RECORDATORIO: SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN EN DESAFIUZAMENTOS

En desenvolvemento do estipulado no convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Consello da Avogacía Galega para a posta en funcionamento dun servizo de asesoramento e intermediación en materia de desafiuzamentos, a Xunta de Goberno, na sesión do 15.02.2024, tomou o acordo de abrir un prazo para que aqueles letrados e letradas execentes que teñan interese en formar parte deste servizo poidan presentar as súas solicitudes.

Denominación: Servizo de Intermediación en Desafiuzamentos

Solicitudes: remitir escrito a rexistro@icasantiago.org

Prazo: ata o 29 de febreiro ás 14 h



CIRCULAR INFORMATIVA 4/2024

Requisitos:

- Ser exercente residente do ICA Santiago
- Figurar de alta, con data anterior ao 15.02.2024, no Servizo de Mediación Civil e Mercantil do ICA Santiago (pódese consultar esta lista na web do colexio: <https://www.icasantiago.org/mediacion/>)
- Figurar de alta, con data anterior ao 15.02.2024, na lista de asesoramento en materia de vivenda do ICAS (convenio IGVS) (pódese consultar a lista na web do colexio: <https://www.icasantiago.org/quenda-de-oficio/listas-de-garda/>)

Honorarios por intermediación: 300 € máximo, dos cales 150 pagaranse con cargo ao convenio e os restantes 150 serán aboados pola persoa propietaria da vivenda (“gran tenedor”, con máis de 10 inmobles urbanos segundo a Lei 12/2023). Só se aboarán as intermediacións realizadas.

O servizo entrará en funcionamento unha vez que se asine o convenio. O texto do convenio poderá consultarse na secretaría do colexio.